

- a) Alumno/a ao que vai dirixido:
- b) Exames a realizar:
Haberá un exame parcial antes de cada avaliación (**tres en total**) coincidindo coas avaliacións ordinarias, máis un exame final se fose necesario. As datas serán propostas pola Xefatura de Estudos e notificarase ao alumnado en canto se saiba.
- c) Tarefas a realizar:
O alumnado debera entregar resoltas trimestralmente, coincidindo con cada avaliación, unha serie de **actividades** que se valorarán cun **20%** na nota final. O conxunto de actividades serán entregadas persoalmente ao alumno/a, que unha vez feitas, as devolverá ao profesor o mesmo día do exame.
- d) Exame ou proba obxectiva:
O **exame** constará dunha serie de exercicios moi similares aos das actividades. O exame valorarase cun **80%** na nota final. O alumno/a deberá estar pendente da comunicación feita por Xefatura de Estudos coa data en que se fará a proba.
- e) Contidos que entran en cada parcial:
Serán os mesmos que os das actividades correspondentes a cada trimestre ou avaliación, e que o alumno/a coñecerá no momento de recoller as actividades.
- f) Recursos para o desenvolvemento do Plan:
O profesor terá dispoñible unha hora de titoría semanalmente, previo aviso, para resolver calquera tipo de dúbida tanto académica como organizativa, así como proporcionar a axuda que crea convinte para superar a materia. En caso de imposibilidade de utilizar esta hora intentarase habilitar outro momento para estas consultas.
- g) Seguimento do Plan:
Publicarase, coincidindo con cada avaliación, unha cualificación en Xade, quedando informado o profesor titor da evolución de cada alumno/a.

h) Criterios de avaliación:

Avaliación por parciais:

Á nota do exame sumaranse ata un máximo de **2 puntos (20%** da nota final) polas actividades entregadas, obténdose así a nota global trimestral, quedando aprobada a avaliación se a nota global é igual ou superior a un 5 nunha escala do 1 ao 10. Unha vez aprobadas todas as avaliacións procederase a determinar a nota final. A nota final, nesta avaliación por parciais ou trimestres, será a nota media dos resultados acadados en cada avaliación trimestral, quedando superada a materia se a nota é igual ou superior a 5 nunha escala do 1 ao 10.

Avaliación cunha única proba obxectiva ou exame final:

Presentarase o alumnado que non superou algunha das avaliacións parciais. Deberá examinarse dos contidos de todo o curso, quedando superada a materia se a nota é igual ou superior a 5 nunha escala do 1 ao 10.

Para aprobar a materia pendente na **avaliación ordinaria** (*non hai avaliación extraordinaria de pendentes*) é necesario que a nota obtida dalgunha das dúas formas de avaliación descritas sexa, como xa dixemos, igual ou superior a 5 nunha escala do 1 ao 10.

Contacto:

Para resolver calquera dúbida, poden poñerse en contacto co profesor José Luis Davila, concertando previamente cita na Conserxería do Centro ou por medio do alumno/a.

José Luis Davila Souto
Xefe do Departamento de Debuxo

En Vigo, a 2 de outubro de 2024.